

## RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 6 DE MARZO DE 2006

### 2.- Solicitudes de licencias de obras.

#### FAVORABLES.-

176/05.- Inmobiliaria Paxonal, S.L.- Modif. de licencia de edificio no Lugar de Vieiro, consistente na mancomunación de garaxes deste edificio co do edificio sito no bloque 7, tamén propiedade da promotora.

2189/04.- Junior´s Servicios Integrales, S.L.- Instalación dunha estrutura de colocación de módulos fotovoltaicos na cuberta da edificación sita no Lugar de Silvouta, s/n, Sta Mª de Vilestro, Roxos.-

2127/04.- Consorcio da Cidade de Santiago.- Restauración da Igrexa de Sta. Mª de Conxo.-

2598/05.- Neira de Mosquera 8, S.L.- Legaliz. de modificacións executadas no estado final de obra da edificación sita na R/ Neira de Mosquera núm.8.-

#### EMISIÓN DE INFORME DE CONFORMIDADE OU DISCONFORMIDADE CO PLANEAMENTO URBANÍSTICO PREVISTO NO ART. 198.2 DA Lei 9/02.-

67/06.- Xunta de Galicia (Cons. Economía e Facenda).- Construcción de biblioteca-aulario en San Lázaro.- (non conforme)

68/06.- Xunta de Galicia (Cons. Economía e Facenda).- Construcción de escola infantil en San Lázaro.- (non conforme).-

#### PROPOSTA DE REXEITAMENTO DE SOLICITUDES PRESENTADAS POR DNA. ASUNCIÓN MIGUES BEN E D. MANUEL FCO MIGUEZ BEN, DE SUSPENSIÓN DOS EFECTOS DA LICENCIA CONCEDIDA Á ENTIDADE NEIRA DE MOSQUERA 8, S.L POR CONSTRUCCIÓN DUN EDIFICIO NA R/ NEIRA DE MOSQUERA NÚM.8.-

#### APERTURAS.-

Lap/187/05.- O Birlo.- Apertura Sala de xogos en Área Central, soto-1.-

### 4.- Proposta da Concelleira Delegada de Rehabilitación e Casco Histórico relativa á concesión de axudas á rehabilitación de vivendas e locais do Casco Histórico.

Apróbanse definitivamente as seguintes subvencións:

#### REHABILITACIÓN DE VIVENDAS

Nº EXPT.	ENDEREZO	BENEFICIARIO	SUBV.(euros)
2005-45	Rúa da Fonte de San Miguel, 1A	Comunidade de Propietarios	2.463,35
2005-90	Rúa Nova, 55	Comunidade de Propietarios	3.630,46
2005-126	Rúa dos Basquiños, 21	Isabel Mancebo Portela	22.339,41
2005-110	Rúa da Algalia de Abaixo, 25-3º	Carmen Suárez Camino	5.262,78
2005-85	Avda. de Figueroa, 4	Comunidade de Propietarios	12.386,46
2005-37	Calzada de San Pedro, 11-Baixo	Benilde Ignacio Gil	5.336,55
2000-330	Rúa da Algalia de Abaixo, 14	Arzobispado de Santiago	18.432,71

#### REHABILITACIÓN DE LOCAIS

Nº EXPT.	ENDEREZO	BENEFICIARIO	SUBV.(euros)
B05-604	Rúa de Mazarelos, 8-Baixo	Carlos Rivadulla Salgueiro	6.523,43

B03-556	Rúa das Hortas, 34-Baixo	Florentino Reboredo Gesto	6.230,24
---------	--------------------------	---------------------------	----------

**5.- Proposta da Concelleira Delegada de Rehabilitación e Casco Histórico relativa á solicitude ao Consorcio da cidade da aprobación de diversas subvencións para edificios e vivendas da Cidade histórica.**

Acórdase solicitar ao Consorcio da Cidade a aprobación das subvencións correspondentes.

**6.- Proposta do concelleiro delegado de Infraestruturas relativa á adxudicación das Obras de Saneamento de augas residuais en SON DE ABAIXO, incluídas no Plan de Grandes Cidades 2005 da Excma. Deputación Provincial da Coruña.**

Acórdase adxudicar a licitación de referencia á empresa Aquagest por importe de 59.967,24 €.

**7.- Proposta do concelleiro delegado de Infraestruturas relativa á adxudicación das Obras de Saneamento e Bombeo de augas fecais na rúa SANTA TERESA JORNET incluídas no Plan de Grandes Cidades 2005 da Excma. Deputación Provincial da Coruña.**

Acórdase adxudicar a licitación de referencia á empresa Aquagest por importe de 59.960,36 €.

**8.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa á contratación dunha Asistencia técnica para a realización de talleres de animación á lectura, ilustración e outros obradoiros incluídos na Campaña de Animación á lectura, así como á adxudicación do servizo de montaxe e desmontaxe de exposicións e produción de cartelería incluídos naquela.**

Apróbase a contratación dunha asistencia técnica por importe de 11.936,40 €, así como o desenvolvemento da Campaña de Animación á lectura, cun orzamento de 18.284,96 €.

**9.- Proposta do concelleiro delegado de Infraestruturas relativa á aprobación do proxecto, prego e inicio do expediente de contratación das Obras de Reposición de beirarrúas no Concello de Santiago (febreiro 2006).**

Apróbase o devandito proxecto, o prego de cláusulas administrativas e o inicio do expediente de contratación establecéndose un tipo de licitación de 60.000 euros.

**10.- Proposta do concelleiro delegado de Infraestruturas relativa á aprobación do proxecto, prego e inicio do expediente de contratación das Obras de Renovación dos pavimentos nas rúas LINO VILLAFINEZ e MODESTO BROCOS.**

Apróbase o devandito proxecto, o prego de cláusulas administrativas e o inicio do expediente de contratación establecéndose un tipo de licitación de 210.923,94 euros.

**11.- Proposta do concelleiro delegado de Infraestruturas relativa á aprobación do proxecto e adxudicación das Obras de Reforzo do talude na rúa BISPO TEODOMIRO (Belvís).**

Apróbase o devandito proxecto, e a adxudicación das citadas obras á empresa Construcciones en Piedra Sigras por importe de 23.851,02 euros.

**12.- Proposta do concelleiro delegado de Infraestruturas relativa á aprobación do proxecto e adxudicación das Obras de Ampliación da rede de Abastecemento na rúa AGRA DE ARRIBA (Meixonfrío).**

Apróbase o devandito proxecto, e a adxudicación das citadas obras á empresa Aquagest por importe de 17.643,22 euros.

**13.- Proposta do concelleiro delegado de Infraestruturas relativa á aprobación do proxecto e adxudicación das Obras complementarias de seguridade vial na N-550 (Centro Sociocultural de Enfesta).**

Apróbase o devandito proxecto, e a adxudicación das citadas obras á empresa Eulogio Viñal, Obras y Construcciones SA por importe de 21.190, 65 euros.

**14.- Diversas propostas relativas a reclamacións de responsabilidade patrimonial**

Acórdase declarar á empresa Urbaser responsable dos danos producidos no vehículo de José Manuel Nodar.

**15.- Proposta da Concelleira Delegada de Educación e Mocidade relativa á solicitude de subvención para o mantemento da Escola municipal de música á Xunta de Galicia.**

Acórdase solicitar esta axuda á consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

**16.- Proposta da Concelleira Delegada de Educación e Mocidade relativa á aprobación do orzamento da exposición da 3ª bolsa de creación fotográfica.**

Apróbase un orzamento de 10.300 euros para a devandita exposición.

**17.- Proposta do Concelleiro Delegado de Deportes relativa á aprobación de diversos Convenios.**

Apróbanse convenios coas seguintes entidades, cun custo total de 18.863,5 euros.

- Agrupación de Deportistas Veteranos
- Delegación de Fútbol de Santiago
- Delegación Santiaguesa de Baloncesto.

**18.- Proposta da Concelleira Delegada de Medio Ambiente relativa á contratación dun laceiro para o refuxio de animais de Bando.**

Acórdase contratar un laceiro para prestar servizos en canto non se inicie a posta en marcha da Fundación.

**19.- Dar conta da sinatura da Addenda ao Convenio de cooperación suscrito entre a Xunta de Galicia e o Concello relativo ás obras de construción dun pavillón polideportivo en Pontepedriña.**

Dáse conta da devandita sinatura, realizada o 30 de decembro de 2005.

**20.- Proposta do Concelleiro Delegado de Urbanismo relativa á aprobación provisional da modificación puntual do Plan parcial do solo urbanizable non programado número 22 (SUNP-22) de Castro de Abaixo, no ámbito dos quinteiros 21 e 22.**

Apróbase provisionalmente a devandita modificación.

**21.- Proposta do Concelleiro Delegado de Urbanismo relativa ao acordo sobre solicitude de suspensión do Proxecto de urbanización da unidade de actuación número 4 (U-4) de Caramoña.**

Denégase a devandita solicitude de suspensión.

**23.- Proposta da concelleira delegada do Casco histórico relativa a diversas contratacións de persoal para a oficina de Rehabilitación e vivenda.**

Acórdase contratar un arquitecto, dous auxiliares administrativos e un licenciado en Ciencias Económicas ou Empresariais.

## **URXENCIAS**

-Dáse conta da solicitude do Concello para participar no programa “Vivir o mundo, vivir Europa 2006”, consistente nunha viaxe a Roma para escolares de entre 12 e 14 anos.

-A proposta do concelleiro de Urbanismo, apróbase a adxudicación á empresa Uponor SL do contrato de transporte e traslado de expedientes de Urbanismo ao estadio de San Lázaro por importe de 9.748,78 euros.

-A proposta do concelleiro de Promoción Económica, apróbase a realización da I Gala do Comercio “Compostela, capital de compras”, cun gasto total de 17.000 euros.